

RUTAS AO AIRE LIBRE

OUTUBRO 2023

MONTEAGUDO



DATA: sábado, 21 de outubro de 2023

HORARIO:

- **Quenda de mañá:** hora de inicio 10:00
Hora prevista de finalización 14:00

PUNTO DE SAÍDA:

<https://maps.app.goo.gl/DTyxUmw4w3DaaxfZ7>

PUNTO DE CHEGADA:

<https://maps.app.goo.gl/DTyxUmw4w3DaaxfZ7>

TELÉFONO DE CONTACTO (só para o día da ruta): 604 07 72 76

DESCRICIÓN:

Empezamos a nosa primeira ruta do curso no concello de Arteixo, desde a área recreativa de Barreiros, algo complicada de localizar, polo que é importante revisar o desprazamento ata este punto. Aquí comeza unha ruta moi interesante pola diversidade da súa paisaxe.

Comezaremos unha subida cara á fervenza da Groba. O camiño que imos seguir para chegar a ela está enmarcado de carballos e bidueiros, pero salpicado de numerosos castiñeiros.

Unha vez que cheguemos ao punto máis alto desta ruta, gozaremos, se o tempo o permite, das vistas de todo o val que desemboca na praia de Barrañán. Xa de novo no núcleo de poboación da Perinola, iremos entre pequenas agrupacións de casas ata chegar á igrexa de San Tomé de Monteagudo.

Ao saír de Monteagudo seguiremos unha pista que nos baixará de volta á área recreativa dos Barreiros, punto de saída da nosa ruta.




NIVEL DE DIFICULTADE: dificultade media

DISTANCIA: 9,4 km

DURACIÓN APROXIMADA: de 2 horas e 50 minutos, segundo a táboa. Porén, consideramos que tardaremos 4h debido aos posibles cambios do estado do terreo polo que hai que camiñar, sempre en función das persoas participantes. Grupo mínimo de 8 persoas e máximo de 35.

MAPA:



PERFIL:

181 m

41 m

9,35 km

Monteagudo

horario	2h 50' 	 2	severidade no medio natural
desnivel de subida	223 m 	 2	orientación no itinerario
desnivel de baixada	223 m 	 2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	9,4 Km 	 2	cantidade de esforzo
tipo de percorrido	Circular 		

Condições de todo o ano, tempos estimados segundo o criterio MIDE, sen paradas.

Calculado sobre datos de 2023.

COMO INTERPRETAR A LENDA MIDE



Medio. Severidade do medio natural

- 1 O medio non está exento de riscos
- 2 Hai máis dun factor de risco
- 3 Hai varios factores de risco
- 4 Hai bastantes factores de risco
- 5 Hai moitos factores de risco



Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario

- 1 Camiños e cruzamentos ben definidos
- 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade
- 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais
- 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza
- 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear



Desprazamento. Dificultade no desprazamento

- 1 Marcha por superficie lisa
- 2 Marcha por camiños de ferradura
- 3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares
- 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio
- 5 Require pasos de escalada para a progresión



Esforzo. Cantidade de esforzo necesario

- 1 Ata 1 h de marcha efectiva
- 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva
- 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva
- 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva
- 5 Máis de 10 h de marcha efectiva

Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado
O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)